Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✿ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Morte

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Vai haber un morto! (Trabada, Lugo)

Teño oído que nunha casa de Mozandeo rompera un cinseiro sen que lle tocara ninguén. Estaba pousado encima da mesa e rompeu. E morreu alguén da casa. Era o sinal, o aviso.

Tamén recordo que igual estabamos de noite mirando, viamos correr unha estrela e caía; e dicíamos:

—Aí vai haber un morto!

Ulir a cera era síntoma de morte. E que anden as pegas por riba da casa tamén.

Cando morreu a miña avoa, a nai de meu pai, aquí na casa, veu un corvo e non paraba de peteirar na ventá.

E tamén era un aviso oír petar na ventá e deixar os dedos marcados. Quedaban no cristal as pegadas dos dedos. Pasou aquí nesta casa e despois morreu un dos vellos.

E nós temos un veciño que di:

—Como oulee o meu can, morre alguén!

[Información recollida en Redondo e Cima de Vila, parroquia de Trabada, Trabada (Lugo), en xaneiro de 2019].